

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ASUNTOS ECONÓMICOS E TRANSFORMACIÓN DIXITAL

14962 *Real decreto 937/2020, do 27 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos.*

I

A actuación das administracións públicas débese rexer polo principio de servizo aos cidadáns. Neste senso, a organización dos seus medios persoais, económicos e técnicos debe encamiñarse a permitir que as persoas e as empresas poidan realizar as súas xestións administrativas da maneira máis áxil e sinxela posible, coa menor interferencia nos seus quefaceres diarios. Do mesmo modo, hai que evitar que os cidadáns teñan que empregar o seu tempo e recursos para realizaren trámites administrativos que sexan prescindibles ou que poidan cumprirse dunha forma máis cómoda e accesible.

O bo desenvolvemento da actividade económica dun país depende de que as administracións públicas sexan capaces de prestar un servizo eficiente e de calidade en aquelas cuestións en que se requira algunha forma de intervención administrativa, sen esquecer que as propias administracións públicas son por si mesmas un importante motor da actividade económica cando, por exemplo, celebran un contrato público para realizar unha obra ou prestar un servizo ou outorgan unha subvención para promover o cumprimento dun fin de interese xeral.

A Caixa Xeral de Depósitos veu acompañando ao longo da súa historia os cidadáns e as empresas no desempeño das súas actividades económicas, que presentaron nela as garantías e depósitos cando era previsto pola normativa aplicable. Isto foi así nas relacións dos particulares coa Administración xeral do Estado, como no suposto xa mencionado da contratación pública, pero tamén con ocasión de operacións celebradas entre particulares, como naqueles casos en que se extingue unha sociedade e hai que reembolsar o resultante da liquidación aos accionistas, algúns deles descoñecidos.

Convén lembrar que a constitución dunha garantía ou dun depósito ante a Caixa Xeral de Depósitos é unha actividade instrumental ou de trámite que facilita o cumprimento dun procedemento principal, sexa un contrato, unha expropiación forzosa, unha subvención ou outro tipo de actividade administrativa, procedemento que ten unha dimensión económica e persegue un interese merecente do amparo dos poderes públicos. Por tanto, cómpre que a Caixa Xeral de Depósitos actúe de tal maneira que o procedemento principal que serve e o fin que este persegue poidan cumprirse sen demoras e con eficiencia. Cómpre tamén que a normativa da Caixa estea compasada cos cambios producidos nas normas que regulan os procedementos que a afectan, como ocorre coa nova normativa de contratos, que, ao prever a división en lotes do obxecto do contrato en determinados supostos, pode dar lugar a un incremento no número de garantías constituídas.

Ademais, as actividades en que intervén a Caixa Xeral de Depósitos son especialmente complexas, pois participan múltiples actores, como autoridades, particulares, entidades financeiras e aseguradoras, que actúan no procedemento para facilitar o cumprimento do trámite vinculado á garantía ou ao depósito. É necesario, por tanto, que os procedementos estean definidos de tal maneira que faciliten a cada unha das partes intervinientes o cumprimento dos seus trámites e o exercicio dos seus dereitos.

A importancia das actuacións en que intervén a Caixa Xeral de Depósitos fixo necesaria tradicionalmente unha adaptación continua na súa maneira de funcionar, aproveitando as posibilidades que lle reportan os avances técnicos para dotar as súas actuacións dun nivel de calidade acorde cos tempos e as exixencias dunha Administración e unha economía modernas. Na actualidade, o desenvolvemento da administración

electrónica e a preocupación renovada por evitar cargas administrativas innecesarias aos particulares requiren que a Caixa Xeral de Depósitos adopte estas novas formas de funcionamento e complete a adaptación dos seus procedementos.

Hai que ter en conta, a este respecto, o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que impón a obrigaición de adaptar os procedementos das administracións públicas ás novas previsións en materia de implantación de medios electrónicos. Así, o seu artigo 14 prevé a obrigaición das persoas xurídicas de relacionárense a través de medios electrónicos coas administracións públicas, permitindo ás persoas físicas elixir en todo momento se se comunican con elas a través de medios electrónicos, salvo que estean obrigadas a isto.

Ademais, faise necesario revisar e clarexar os procedementos que se realizan na Caixa Xeral de Depósitos á luz da experiencia adquirida e das necesidades detectadas nos últimos anos. En concreto, resulta conveniente axustar os procedementos relativos á constitución, cancelación e incautación de garantías, así como establecer unha regulación adecuada en materia de prescrición e abandono das garantías e depósitos.

A profundidade destes cambios exige que veñan acompañados e orientados pola modificación da normativa aplicable, de maneira que a adaptación se realice con pleno respecto aos principios de legalidade e seguranza xurídica. O feito de estes cambios afectaren un número considerable de artigos do regulamento vixente xustifica que se elabore un novo texto en vez de proceder á súa modificación.

É por isto polo que, por medio deste real decreto, se aproba un novo regulamento da Caixa Xeral de Depósitos que actualiza a súa forma de organización e funcionamento.

II

A disposición adicional décima da Lei 42/1994, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social, habilitou o Goberno para aprobar un novo regulamento da Caixa Xeral de Depósitos que actualizase o seu marco normativo, contido entón no Real decreto do 19 de novembro de 1929, polo que se aprobou o Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos e Consignacións. Esta habilitación materializouse coa publicación do Real decreto 161/1997, do 7 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos, e, posteriormente, da Orde do 7 de xaneiro de 2000, que o desenvolve. Actualmente, polas razóns expostas no número anterior, faise preciso levar a cabo unha nova actualización deste marco normativo

Este real decreto consta dun artigo único, polo cal se aproba o Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos, con dúas disposicións adicionais, tres disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e seis disposicións derradeiras.

O regulamento estrutúrase en tres títulos. No título I, «Disposicións xerais e regras de procedemento», inclúense dous capítulos, o primeiro dedicado ás disposicións xerais, que incorpora como novidade un precepto coas definicións dos conceptos fundamentais da materia; e o segundo dedicado ás regras xerais dos procedementos que se tramitan ante a Caixa Xeral de Depósitos, referidos á constitución de garantías e depósitos.

Entre outras cuestións, este capítulo segundo recolle o principio de actuación ante a Caixa Xeral de Depósitos por medios electrónicos, coas excepcións que prevé a Lei 39/2015, do 1 de outubro; fai mención de maneira expresa á posibilidade de emendar as deficiencias nos procedementos ante a Caixa Xeral de Depósitos tendo en conta a normativa común do procedemento administrativo; e establece a obrigaición de que os documentos presentados ante ela respecten en todo caso os modelos que fosen aprobados. A utilización dos medios electrónicos ten unha dobre dimensión, pois, por un lado, implica que ante a Caixa se deberán presentar garantías e depósitos en formato electrónico e, por outro lado, significa que a forma de relaciónarenses coa Caixa os cidadáns, empresas e autoridades se articulará a través de canles electrónicas, todo isto sen prexuízo das excepcións previstas con carácter xeral na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Canto aos procedementos de revisión en vía administrativa, sinálase, dando continuidade á normativa anterior, que a Caixa Xeral de Depósitos e os seus órganos superiores só coñecerán en vía administrativa de recurso ou a través dos procedementos

de revisión de oficio, se for o caso, daqueles asuntos que afecten o seu funcionamento e competencias, de forma que as cuestións referidas a actuacións de competencia das autoridades deberán ser tramitadas perante estas.

O título II do regulamento regula aqueles aspectos que afectan as garantías e divídese, pola súa vez, en cinco capítulos.

O capítulo I contén unha serie de disposicións xerais sobre o procedemento e os requisitos para a constitución das garantías, as incidencias que poden producirse durante a vida da garantía, a substitución das garantías e os procedementos de cancelación e incautación. Canto á forma de constitución das garantías, mantéñense as garantías en efectivo, avais e seguros de caución, pero só se permite constituír garantías con valores de débeda do Estado, ao suprimirse a posibilidade de constituír garantías con outros tipos de valores.

Dada a perda do carácter presencial do procedemento ante a Caixa Xeral de Depósitos, motivada pola súa adaptación electrónica, neste capítulo tamén se concretan determinados aspectos do procedemento que na antiga normativa non estaban expresamente definidos. Así, regúlase expresamente o momento en que se constituí formalmente a garantía, que será cando se realice o pagamento na entidade colaboradora, se se trata de garantías en efectivo, e cando se presente ante a Caixa a documentación preceptiva, para o resto das modalidades de garantías.

Tamén existen novidades en relación co réxime de cancelación das garantías, pois coa nova normativa claréxase que é a Caixa Xeral de Depósitos, e non a autoridade a cuxo dispor se constituíu a garantía, o órgano competente para ela. Para isto, a autoridade competente remitirá a correspondente orde de cancelación á Caixa, para que esta a cancele.

O capítulo II está dedicado ás garantías en efectivo. Neste regulamento defínense de maneira máis detallada os pasos necesarios para a constitución destas garantías, recollendo expresamente o modo de proceder na práctica actual. O interesado utilizará o documento expedido pola Caixa, que contará cun número de comprobante para proceder ao ingreso do efectivo na entidade colaboradora correspondente.

Tamén se prevé unha regulación específica sobre os procedementos de prescrición e abandono das garantías en efectivo, necesaria para resolver algunhas dúbidas xurdidas coa antiga regulación na tramitación destes expedientes. O feito de que só se prevexa a prescrición e o abandono das garantías constituídas en efectivo débese a que o resto das garantías non dá lugar á posta ao dispor dunha contía económica a favor do Tesouro público nin á correlativa obrigación de restituíla unha vez cancelada a garantía. Non é procedente, por tanto, a aplicación da figura da prescrición ou do abandono en relación coas garantías constituídas mediante avais ou seguros de caución, pois nestes casos non se transfere un diñeiro ao Tesouro público que deba ser restituído. No que se refire ás garantías constituídas en valores, hai que lembrar que, ao contrario do que acontecía no pasado, estas xa non se constituían mediante a posta á disposición física da Caixa dos valores en si mesmos, senón mediante a inmovilización dos valores na propia conta do garantido, polo que nestes supostos non cabe falar de abandono de valores na Caixa. Todo isto sen prexuízo de que se teña previsto a aplicación dun réxime transitorio para os valores depositados fisicamente na Caixa de acordo coa anterior normativa.

Os capítulos do III ao V están dedicados á regulación das garantías constituídas mediante aval, seguro de caución ou valores de débeda pública, precisando as características de cada modalidade e con previsións sobre a constitución, a cancelación ou a eventual incautación desas garantías. A regulación nestes casos é moi parecida, dadas as similitudes entre estes tipos de garantías. As novidades máis relevantes que se introducen están referidas ás garantías constituídas mediante seguro de caución, ao prever expresamente a limitación de dez anos na súa duración, de acordo co previsto na Lei 50/1980, do 8 de outubro, do contrato de seguro, e en relación coa regulación das garantías constituídas en valores de débeda pública, respecto das cales se establece un prazo de amortización mínimo dos valores e se prevé o réxime aplicable á cancelación e incautación parciais.

O título III do regulamento regula os depósitos e divídese en dous capítulos. O primeiro recolle as disposicións xerais, coas distintas modalidades e o réxime xurídico dos depósitos, e o segundo refírese ás actuacións da Caixa Xeral de Depósitos en relación con eles. A principal novidade desta regulación é a supresión das referencias específicas que contiña o anterior regulamento a aquelas leis e artigos que prevían a constitución de depósitos, pois estas referencias carecen de relevancia xurídica por si mesmas e rapidamente van quedando obsoletas a medida que as normas referidas se derrogan.

O real decreto incorpora, ademais, dúas disposicións adicionais, tres disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e seis disposicións derradeiras. Introdúcese unha disposición transitoria que permite, con carácter xeral, dar de baixa as garantías e os depósitos constituídos antes da entrada en vigor deste real decreto cando teña transcorrido un prazo de vinte anos desde a súa constitución. O obxectivo desta disposición é poder cancelar internamente expedientes antigos, que na maioría dos casos son de escaso importe, mediante un procedemento áxil e sinxelo. Desta maneira lógrase unha maior eficiencia na xestión dos expedientes de garantías e depósitos, xa que se evita ter abertos expedientes que en realidade hai xa tempo que foron concluídos, todo isto sen prexuízo de que as garantías e os depósitos poidan ser posteriormente rehabilitados se se xustifica que seguen vixentes.

Este real decreto responde aos principios de boa regulación contidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. En particular, responde aos principios de necesidade e eficacia, xa que coa actualización do marco normativo da Caixa Xeral de Depósitos se busca a adaptación dos seus procedementos ás necesidades actuais. Cumpre co principio de proporcionalidade, xa que non impón obrigacións ou cargas aos particulares alén das necesarias para a adecuada constitución e xestión das garantías e depósitos, e dá resposta ao principio de seguranza xurídica ao actualizar e concretar o marco normativo aplicable á materia. Tamén é acorde co principio de transparencia, pois a actualización e fixación dos procedementos achega maior claridade sobre as actuacións da Caixa Xeral de Depósitos. Por último, esta norma é coherente co principio de eficiencia, pois racionaliza e leva a cabo unha adaptación electrónica dos procedementos da Caixa Xeral de Depósitos.

Na súa tramitación efectuouse o trámite de audiencia pública, solicitouse informe a todos os departamentos ministeriais e obtívose a aprobación previa do Ministerio de Política Territorial e Función Pública.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de outubro de 2020,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do regulamento.*

Apróbase o Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos (en diante, a Caixa).

Disposición adicional primeira. *Informe preceptivo da Caixa.*

A Caixa, a través da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, emitirá informe preceptivo de todo proxecto de disposición regulamentaria polo cal se estableza a obriga de constituír calquera tipo de garantía ou depósito ante aquela, co obxecto de adecuar a xestión de tales garantías ou depósitos ao disposto no regulamento que aproba este real decreto.

Disposición adicional segunda. *Anuncios no «Boletín Oficial del Estado».*

Os anuncios relativos á prescrición e declaración de abandono de garantías e depósitos terán o carácter de resolucións de inserción obrigatoria, para efectos do disposto

no artigo 27 do Real decreto 181/2008, do 8 de febreiro, de ordenación do diario oficial «Boletín Oficial del Estado».

Disposición transitoria primeira. *Réxime xurídico das garantías e depósitos constituídos con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto.*

1. As garantías e depósitos constituídos con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto e que sigan vixentes rexeranse pola normativa en vigor con anterioridade á aprobación deste real decreto no que se refire aos requisitos da súa constitución. A súa substitución, cancelación ou incautación, así como as incidencias, regularanse polo disposto neste real decreto sempre que se produzan con posterioridade á súa entrada en vigor.

2. As garantías existentes á entrada en vigor deste real decreto e constituídas mediante valores que non sexan valores de débeda do Estado manterán a súa vixencia até que proceda a súa cancelación ou incautación. No caso de que sexan substituídas, serano mediante algunha das garantías previstas no artigo 12 do regulamento que se aproba por medio deste real decreto.

Disposición transitoria segunda. *Vixencia e conservación de garantías e depósitos constituídos con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto.*

1. No caso de garantías e depósitos constituídos con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2000, a autoridade a cuxo dispor se constituíu a garantía ou o depósito disporá dun prazo de tres meses desde a entrada en vigor deste real decreto para comunicar á Caixa a vixencia ou non deles. Transcorrido este prazo sen que se reciba a comunicación, e realizadas as comprobacións oportunas para considerar que xa non está vixente, a Caixa poderá dar de baixa nos seus rexistros as ditas garantías e depósitos, con ingreso no Tesouro dos importes correspondentes ás garantías e depósitos en efectivo constituídos naquela.

2. Non obstante o disposto no número anterior, se con posterioridade se constatar a vixencia dalgunha garantía ou depósito cuxa baixa se tiver acordado, adoptaranse as medidas oportunas para a súa rehabilitación nos rexistros da Caixa.

3. O previsto nos números anteriores desta disposición será de aplicación ás garantías e depósitos constituídos desde o 1 de xaneiro de 2000 até a data de entrada en vigor deste real decreto cuxa antigüidade sexa superior a vinte anos.

4. En relación coas garantías xa canceladas e cuxa documentación non fose devolta á entrada en vigor deste real decreto, os interesados terán un prazo de tres meses, contado desde a entrada en vigor deste real decreto, para recolleren os documentos con que, se for o caso, foron constituídas, transcorrido o cal a Caixa procederá ao seu arquivamento ou destrución de acordo coa normativa aplicable. Se transcorrido o prazo de tres meses o interesado require os documentos e estes foron arquivados ou destruídos, a Caixa emitirá un certificado en que conste a cancelación da garantía.

Disposición transitoria terceira. *Vixencia dos modelos de presentación de documentos ante a Caixa actualmente existentes.*

En canto non sexan aprobados os modelos de presentación de documentos en papel ante a Caixa mediante orde da persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, de acordo co previsto na disposición derradeira quinta, continuarán vixentes os modelos previstos na Orde do 7 de xaneiro de 2000 pola que se desenvolve o Real decreto 161/1997, do 7 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos, e na Resolución do 13 de setembro de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se aproba o modelo de certificado de lexitimación para a inmovilización de valores achegados como garantía e expedidos a favor da Caixa Xeral de Depósitos.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas as seguintes normas:

- a) O Real decreto 161/1997, do 7 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos.
- b) A disposición adicional sexta do Real decreto 878/2015, do 2 de outubro, sobre compensación, liquidación e rexistro de valores negociables representados mediante anotacións en conta, sobre o réxime xurídico dos depositarios centrais de valores e das entidades de contrapartida central e sobre requisitos de transparencia dos emisores de valores admitidos a negociación nun mercado secundario oficial.
- c) A Orde do 9 de xaneiro de 1970 sobre reorganización e mecanización dos servizos da Caixa Xeral de Depósitos.
- d) A Orde do 7 de xaneiro de 2000 pola que se desenvolve o Real decreto 161/1997, do 7 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Regulamento hipotecario, aprobado polo Decreto do 14 de febreiro de 1947.*

O Regulamento hipotecario, aprobado polo Decreto do 14 de febreiro de 1947, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o artigo 236-k do Regulamento hipotecario, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 236-k.

1. O prezo do remate destinarase sen dilación ao pagamento do acredor que pediu a súa execución na medida garantida pola hipoteca.
2. Se non hai acredores posteriores e o crédito se pagou por completo, o sobranse entregarase ao dono do predio.
3. Se o crédito foi pagado soamente en parte, até o importe da cobertura hipotecaria, o sobranse destinarase ao pagamento do resto pendente da débeda sempre que o propietario sexa o mesmo debedor e non haxa outros acredores posteriores, e o que, se for o caso, aínda quede despois do pagamento entregarase ao dono do predio. Se o propietario do predio é persoa distinta do debedor, o sobranse do importe garantido pola hipoteca entregarase ao dito dono do predio, sempre que non haxa outros acredores posteriores.
4. Se hai acredores posteriores, o sobranse consignarase na Caixa Xeral de Depósitos e quedará afecto ás resultas deses créditos, así como do pagamento do resto do crédito que exceda o importe da cobertura hipotecaria. Esta circunstancia farase constar no Rexistro por nota marxinal.
5. O notario practicará a liquidación de gastos considerando exclusivamente os honorarios da súa actuación e os derivados dos distintos trámites seguidos.»

Dous. Engádesse un novo artigo 236-p ao Regulamento hipotecario, co seguinte contido:

«Artigo 236-p.

1. A devolución do sobranse consignado na Caixa Xeral de Depósitos na venda extraxudicial de bens hipotecados iniciarase por solicitude do interesado dirixida á propia Caixa Xeral de Depósitos, na cal constará o nome e a poboación do notario ante o cal se efectuou a venda e a identificación dos bens afectados, con expresión dos datos rexistrados, se for o caso.
2. A Caixa Xeral de Depósitos dará traslado inmediatamente da solicitude ao notario ante o cal se realizou a venda.

3. Recibida polo notario a solicitude do interesado, obterá no prazo de cinco días do rexistrador competente a certificación de cargas posteriores á hipoteca executada, non incluídas na certificación pola cal se iniciou a venda extraxudicial por seren posteriores á nota marxinal de expedición de cargas e que estivesen vixentes inmediatamente antes de practicarse a inscrición da adxudicación.

A seguir, o notario notificará, no prazo doutros cinco días seguintes á recepción da certificación, aos acredores que figuren na certificación e, no caso de que o propietario sexa o mesmo debedor, ao acredor hipotecario cuxo crédito non se pagase por completo o seu criterio respecto da orde de pagamento en que debe efectuarse conforme as regras xerais de prelación de créditos, así como, se for o caso, a cantidade que corresponda ao interesado percibir do sobranse, obtendo o acordo de todos eles.

Os acredores poderán alegar no prazo de cinco días o que ao seu dereito conveña e o notario poderá modificar a orde de distribución proposta acollendo as pretensións formuladas se con isto se logra o acordo.

4. Unha vez cumprido o trámite anterior, o notario dirixirase á Caixa Xeral de Depósitos indicándolle se houbo ou non acordo entre os acredores respecto á repartición do sobranse.

Se o houbo, remitirá a escritura pública na cal se formalice ese acordo dos acredores e a orde de cancelación do depósito indicando os perceptores e as contías que van percibir, e a Caixa Xeral de Depósitos realizará o pagamento conforme elas.

Se non houbo acordo sobre a distribución proposta polo notario, a Caixa Xeral de Depósitos comunicará ao solicitante e este deberá dirixirse aos tribunais ordinarios para que eles determinen quen ten dereito a percibir o sobranse.

5. As mesmas regras serán aplicables á devolución das cantidades consignadas na Caixa Xeral de Depósitos para a reinscrición das vendas con condicións rescisorias e resolutorias, que se rescindisen ou resolvesen en escritura pública.

No suposto de que a rescisión ou resolución se producise mediante un procedemento xudicial, corresponderá ao letrado da Administración de xustiza do vulgado competente, que deberá ser identificado na solicitude, a determinación da orde de pagamento e da cantidade que, se for o caso, percibirá o solicitante.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.6.^a, 11.^a e 13.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia sobre lexislación mercantil, bases da ordenación de crédito, banca e seguros, e bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

A disposición derradeira terceira dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.18.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia sobre a lexislación básica sobre contratos.

Disposición derradeira terceira. *Aplicación supletoria respecto da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.*

As garantías prestadas no ámbito da contratación das administracións públicas que non fosen presentadas ante a Caixa rexeranse pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e as súas normas de desenvolvemento e, de forma supletoria, polo Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos aprobado por este real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Habilitación normativa*

1. Habilitase a persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación do disposto neste real decreto.

2. A persoa titular do Ministerio de Facenda, no marco do Real decreto 578/2001, do 1 de xuño, polo que se regulan os principios xerais do sistema de información contable da Administración xeral do Estado, establecerá as instrucións contables que sirvan de base á constitución e cancelación de garantías e depósitos en efectivo, á incautación de calquera das modalidades de garantía previstas no regulamento aprobado por este real decreto e á prescrición dos depósitos constituídos conforme el, realizando as adaptacións que resulten necesarias ao Plan xeral de contabilidade pública, aprobado pola Orde EHA/1037/2010, do 13 de abril.

Disposición derradeira quinta. *Modelos de presentación de documentos.*

Os modelos de presentación de documentos ante a Caixa serán aprobados, modificados e suprimidos mediante orde da persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, sen prexuízo do disposto no artigo 10.2 do regulamento aprobado por medio deste real decreto.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 2 de xaneiro de 2021.

Dado en Madrid o 27 de outubro de 2020.

FELIPE R.

A vicepresidenta terceira do Goberno e ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital,
NADIA CALVIÑO SANTAMARÍA

REGULAMENTO DA CAIXA XERAL DE DEPÓSITOS

TÍTULO I

Disposicións xerais e regras de procedemento

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este regulamento regula o funcionamento da Caixa Xeral de Depósitos (en diante, a Caixa) nos aspectos concernentes ás modalidades, os requisitos e a xestión das garantías e dos depósitos que se constituían ante ela.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste regulamento enténdese por:

a) Autoridade:

1.º A Administración xeral do Estado e calquera dos seus órganos superiores ou directivos e o sector público institucional estatal previsto no artigo 2.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

2.º As institucións e organismos da Unión Europea, nos supostos determinados pola normativa da Unión ou as disposicións que a traspoñan ou a desenvolvan no ordenamento xurídico interno.

3.º Outras administracións públicas, sempre que así se prevexa mediante convenio entre a Administración xeral do Estado e a Administración correspondente.

b) Caixa Xeral de Depósitos: a Caixa Xeral de Depósitos ou as súas sucursais encadradas nas delegacións de Economía e Facenda.

c) Constituínte: persoa que constitúe a garantía en efectivo ou en valores ou o depósito ante a Caixa en nome propio.

d) Depósito: o que deba ser presentado para ser custodiado na Caixa de acordo co previsto no artigo 40.

e) Garante: persoa que garante o cumprimento da obrigaición do garantido mediante aval ou seguro de caución.

f) Garantía: a que deba ser presentada na Caixa co fin de asegurar o cumprimento de obrigaicións ante as autoridades definidas na alínea a).

g) Garantido: persoa en nome da cal se constitúe unha garantía mediante aval ou seguro de caución.

h) Propietario: persoa titular do efectivo ou dos valores en que se constitúe a garantía ou o depósito.

Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

Este regulamento será de aplicación ás garantías e depósitos que deban presentarse ante a Caixa.

Artigo 4. *Organización administrativa.*

1. A Caixa configúrase como unha unidade administrativa sen consideración de órgano administrativo integrada na Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital.

2. As funcións relativas á Caixa Xeral de Depósitos atribúense á Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, integrada na Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional.

3. No ámbito provincial, os servizos da Caixa serán prestados polas súas sucursais, encadradas nas delegacións de Economía e Facenda.

4. A Caixa actúa de acordo coas instrucións das autoridades a cuxo dispor se constituíu a garantía ou o depósito correspondente e de conformidade co disposto neste regulamento.

CAPÍTULO II

Regras xerais dos procedementos ante a Caixa

Artigo 5. *Regras aplicables ás garantías e aos depósitos.*

As regras contidas neste capítulo serán de aplicación aos procedementos realizados ante a Caixa en relación coas garantías e os depósitos regulados neste regulamento.

Artigo 6. *Actuacións ante a Caixa.*

1. As actuacións ante a Caixa dos suxeitos a que se refire o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, realizaranse a través de medios electrónicos.

2. As persoas físicas poderán realizar as súas actuacións ante a Caixa de maneira presencial ou a través de medios electrónicos.

3. Os órganos, organismos e entidades que integran o sector público deberán realizar todas as súas actuacións ante a Caixa por medios electrónicos.

4. As actuacións ante a Caixa que deban realizarse por medios electrónicos tramitaranse necesariamente a través das canles de acceso, sistemas e aplicacións que estableza para estes efectos a Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional.

Artigo 7. *Presentación de poderes ante a Caixa.*

Os poderes que se deban presentar ante a Caixa para a constitución de garantías ou depósitos deberán axustarse ao modelo previsto mediante orde da persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital e ser declarados suficientes previamente e por unha soa vez pola Avogacía do Estado na Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional ou nas delegacións de Economía e Facenda, sen prexuízo do disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, en materia de apoderamentos.

Artigo 8. *Réxime de emendas.*

No caso de que a documentación con que se constitúe a garantía ou o depósito non reúna os requisitos exixibles, aplicarase o disposto nos artigos 68 e 73 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, segundo corresponda, e requirirase o interesado, por parte da autoridade ou da Caixa, segundo corresponda, para que no prazo de dez días contados a partir do seguinte ao da notificación do correspondente acto proceda á emenda, con indicación de que, se non o fixer, se terá por desistido da súa petición ou trámite.

Artigo 9. *Revisión e impugnación dos actos da Caixa.*

1. As resolucións e actos que se diten no exercicio das competencias previstas neste regulamento serán revisables nos termos establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

2. Nos procedementos administrativos de revisión que se susciten, os órganos competentes da Caixa coñecerán unicamente das cuestións derivadas do funcionamento da Caixa e dos actos administrativos ditados por ela. En ningún caso se poderá solicitar ante a Caixa a revisión de actos administrativos e actuacións ditados polas autoridades a cuxo dispor se constitúen as garantías ou depósitos.

Artigo 10. *Formato da presentación de documentos.*

1. As garantías e depósitos presentaranse en formato electrónico, sen prexuízo daquelas persoas que poidan presentar garantías ou depósitos en formato papel de acordo co previsto no artigo 6.

2. Os interesados presentarán os documentos ante a Caixa de acordo cos modelos previstos mediante orde da persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital cando o presenten en formato papel. En caso contrario, a presentación realizarase de acordo cos formatos previstos nas canles de acceso, sistemas e aplicacións electrónicos que se establecesen para o efecto na sede electrónica correspondente.

Artigo 11. *Solicitud de información.*

1. A Caixa poderá solicitar ás autoridades a que se refire o artigo 2.a) que lle sexa remitida a lista das obrigacións da súa competencia garantidas ante a Caixa que permanezan viventes ou extinguidas, indicando neste último caso a data de extinción, para os efectos da boa xestión das garantías constituídas ante a Caixa.

2. Igualmente, a Caixa poderá solicitar ás autoridades a que se refire o artigo 2.a) calquera outra información que sexa pertinente para a boa xestión das garantías e depósitos constituídos ante a Caixa.

TÍTULO II

Garantías

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 12. *Constitución das garantías.*

1. Presentaranse ante a Caixa as garantías que deban constituírse ao dispor das autoridades previstas no artigo 2.a), nos termos e cos condicionantes previstos nese artigo.

2. As garantías constituiranse na Caixa nas seguintes modalidades:

- a) Efectivo.
- b) Avais prestados por entidades de crédito, establecementos financeiros de crédito ou sociedades de garantía recíproca.
- c) Seguros de caución outorgados por entidades aseguradoras.
- d) Valores de débeda do Estado.

3. A Caixa non aceptará outra modalidade de garantía distinta das previstas neste artigo.

A normativa reguladora de cada procedemento poderá limitar o tipo de garantía aceptable de entre as previstas neste regulamento cando existan causas que o xustifiquen, en particular as relativas á duración temporal da garantía, e con pleno respecto dos principios previstos no artigo 5 da Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado. É responsabilidade do interesado presentar a garantía de acordo coa normativa aplicable.

4. A constitución da garantía en efectivo quedará acreditada mediante o comprobante de pagamento que emita a entidade colaboradora onde se produza o ingreso.

A constitución das garantías mediante avais, seguros de caución ou valores de débeda pública quedará acreditada polo resguardo que expida a Caixa.

5. A data de constitución da garantía en efectivo será aquela en que se ingrese na entidade colaboradora de acordo co disposto na Orde PRE/1064/2016, do 29 de xuño, pola que se desenvolve parcialmente o Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, no relativo ao procedemento de recadación de recursos non tributarios nin aduaneiros de titularidade da Administración xeral do Estado a través de entidades colaboradoras. A data de constitución do resto das garantías será aquela en que o interesado presente a documentación no rexistro da Caixa, de acordo co previsto neste regulamento.

6. Cando se constituíse unha garantía provisional ante a Caixa, en aplicación do previsto no artigo 106.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o adxudicatario do contrato dirixirse á Caixa facendo constar que solicita aplicar o importe da garantía provisional á definitiva que, como tal adxudicatario, lle corresponde constituír.

Recibida a solicitude a que se refire o número anterior, a Caixa procederá a aplicar o importe da garantía provisional á definitiva mediante a expedición do documento que se determine mediante orde da persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital ou mediante as canles electrónicas previstas pola Caixa. A diferenza entre o importe da garantía definitiva e a cantidade aplicada con cargo á garantía provisoria constituirase, con carácter previo á dita aplicación, consonte as normas que regulan a constitución de garantías na Caixa.

Nos supostos en que se solicitase a aplicación do importe da garantía provisoria á definitiva, o órgano de contratación non emitirá a orde de cancelación da garantía provisoria. Cando proceda a devolución da garantía definitiva, a autoridade dará a orde de

cancelación, nos termos previstos neste regulamento, acompañada dos resgardos de constitución da garantía provisional, o documento de aplicación do importe desta garantía á definitiva e o resguardo de constitución de garantía pola diferenza a que se refiren os números anteriores.

Soamente poderán constituírse garantías conforme o disposto no número anterior cando concorran os seguintes requisitos:

- a) A garantía provisoria e a definitiva constitúense en efectivo.
- b) O órgano contratante é unha autoridade prevista no artigo 2.a) 1.º.

Artigo 13. *Incidencias.*

1. Se a entidade garante é declarada en concurso de acredores ou quedou sen efecto a autorización administrativa para o exercicio da súa actividade, ou se por calquera outra razón allea á vontade do garantido ou do garante a garantía constituída non ten ou perde validez ou vixencia, ou se pon en risco grave a protección que a garantía debe outorgar, o obrigado a prestar garantía deberá constituír outra da mesma modalidade, ou doutra das recollidas no artigo 12.2, no prazo máximo de tres meses desde a data en que se produciu a incidencia.

2. Nos supostos de declaración de concurso de acredores ou de perda da autorización administrativa, o prazo previsto no número anterior computarase desde que se produza a declaración ou a perda. No resto de casos referidos no número anterior, coñecida a incidencia, a autoridade, logo de audiencia, poderá solicitar aos interesados a substitución da garantía e o resto de actuacións que, se for o caso, procedan.

Artigo 14. *Substitución das garantías.*

1. O interesado que manteña unha garantía na Caixa poderá substituíla por outra. Para isto deberá achegar á Caixa a autorización da autoridade a cuxo dispor se constituíu a primeira garantía. A substitución realizarase de acordo cos procedementos de constitución de garantías establecidos neste regulamento.

2. Unha vez constituída a nova garantía, cancelarase a garantía anterior. A autorización para a substitución dunha garantía será título suficiente para iniciar o procedemento de cancelación da garantía substituída.

3. Cando non se substitúise a garantía constituída en valores con carácter previo á súa amortización, a transformación nunha garantía en efectivo, de acordo co disposto no artigo 36.2.b), comunicarase mediante a súa publicación na páxina web da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional.

Desde o momento da publicación da transformación da garantía, a persoa ou entidade constituínte poderá dirixirse á Caixa Xeral de Depósitos para substituír a garantía transformada por outra modalidade das previstas no artigo 12.2.

Artigo 15. *Procedemento de cancelación e devolución das garantías.*

1. De acordo coa normativa reguladora das obrigacións garantidas, a autoridade a cuxo dispor se constituíu a garantía ditará orde de cancelación, total ou parcial, no modelo previsto mediante orde da persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, ou por medio das canles electrónicas previstas pola Caixa, e remitirá a Caixa para que esta a tramite conforme o procedemento que corresponda segundo a súa natureza.

2. Cancelada a garantía, os interesados terán un prazo dun ano para recolleren os documentos con que, se for o caso, foi constituída, transcorrido o cal sen que se producise a devolución a Caixa procederá a arquivalos ou destruílos de acordo coa normativa aplicable. Se, transcorrido o prazo dun ano, o interesado require os documentos e estes foron arquivados ou destruídos, a Caixa emitirá un certificado en que conste a cancelación da garantía.

Artigo 16. *Procedemento de incautación das garantías.*

1. A incautación total ou parcial da garantía por parte da Caixa requirirá a solicitude da autoridade a cuxo dispor se constituíu a garantía, nas cal se acreditará:

a) Que o acto polo que se declara o incumprimento por parte do obrigado é inmediatamente executivo e non concorre ningunha das excepcións previstas no artigo 98.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

b) A contía da garantía que se vai incautar.

c) A notificación ao interesado do inicio do procedemento de incautación por parte da autoridade a cuxo dispor se constituíu a garantía, para efectos da audiencia prevista no artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. A este respecto considerarase interesado tanto o garante como o garantido.

2. A solicitude de incautación axustarase ao modelo recollido mediante orde da persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital ou ao establecido nas canles electrónicas previstas pola Caixa.

3. A Caixa revisará a solicitude e requirirá á autoridade a súa emenda no prazo de dez días no caso de que non cumprise co previsto nos números anteriores.

4. A Caixa ordenará a incautación do efectivo ou requirirá ao garante, no caso de garantías constituídas en avais ou seguro de caución, ou ao garantido ou titular dos valores, no caso de garantías constituídas en valores de débeda pública, a realización do pagamento de acordo coa natureza da garantía.

5. A falta de pagamento dentro dos prazos previstos no Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, determinará o cobramento mediante o procedemento de constrinximento. Para estes efectos, a certificación de descuberto acreditativa do crédito da autoridade será expedida pola Oficina de Contabilidade da Intervención Delegada nas Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional ou nas delegacións de Economía e Facenda, segundo proceda.

6. Incautada a garantía, os interesados terán un prazo dun ano para recollen os documentos con que, se for o caso, fose constituída, transcorrido o cal a Caixa procederá a arquivalos ou destruílos de acordo coa normativa aplicable. Se, transcorrido o prazo dun ano, o interesado require os documentos e estes foron arquivados ou destruídos, a Caixa emitirá un certificado en que conste a incautación da garantía.

7. Incautada a garantía, a Caixa comunicará á autoridade.

8. No suposto de que unha autoridade das previstas no artigo 2.a) emita á Caixa unha solicitude de incautación dunha garantía en efectivo ou en valores respecto dunha entidade sen ter coñecemento de que a entidade foi declarada en concurso de acredores, a Caixa porá esta circunstancia en coñecemento da propia autoridade para que esta lle confirme se procede continuar coa incautación. Os recursos que se presenten en relación coa situación concursal da entidade serán de competencia da autoridade correspondente.

Artigo 17. *Ordes xudiciais e administrativas de embargo de garantías.*

A Caixa executará as ordes xudiciais e administrativas de embargo de garantías constituídas ante a Caixa. Previamente á execución, a Caixa comunicará ás autoridades a cuxo favor se constituíu a garantía para que formulen alegacións no prazo máximo de quince días. A Caixa remitirá as alegacións ao órgano xudicial ou administrativo que emitiu a orde para os efectos que procedan, sen prexuízo de que a propia autoridade poida efectuar directamente a remisión das súas alegacións ao órgano xudicial ou administrativo pódoo en coñecemento da Caixa.

CAPÍTULO II

Garantías en efectivo*Artigo 18. Características das garantías en efectivo.*

As garantías en efectivo constituiranse en euros e non devindicarán xuros.

Artigo 19. Constitución das garantías en efectivo.

1. A constitución dunha garantía en efectivo requirirá o ingreso do seu importe no Tesouro público nos termos que se establecen na Orde PRE/1064/2016, do 29 de xuño, pola que se desenvolve parcialmente o Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, no relativo ao procedemento de recadación de recursos non tributarios nin aduaneiros de titularidade da Administración xeral do Estado a través de entidades colaboradoras.

2. O interesado solicitará á Caixa a expedición do documento de ingreso correspondente, que conterá, entre outra información, o número de comprobante asociado. Para tales efectos, o interesado achegará á Caixa a información necesaria para completar o documento de ingreso.

3. Posteriormente, o interesado ingresará o importe da garantía nunha entidade colaboradora mediante o documento de ingreso previamente expedido pola Caixa. Unha vez realizado o ingreso, a entidade colaboradora emitirá ou validará, segundo proceda, o comprobante de pagamento para os efectos do disposto no artigo 12.

Artigo 20. Cancelación e devolución das garantías en efectivo.

1. A cancelación da garantía efectuarase de conformidade co disposto no artigo 15.

2. A devolución do efectivo realizarase mediante proposta de mandamento de pagamento expedida polo órgano competente da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional ou da delegación de Economía e Facenda nas sucursais. A devolución efectuarase conforme o disposto na Orde PRE/1576/2002, do 19 de xuño, pola que se regula o procedemento para o pagamento de obrigacións da Administración xeral do Estado.

Artigo 21. Incautación de garantías en efectivo.

1. A incautación da garantía en efectivo por parte da Caixa producirase a petición da autoridade a cuxo dispor se constituíu, quen deberá acreditar que se cumpre o disposto no artigo 16.

2. O órgano competente da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional, ou da delegación de Economía e Facenda nas sucursais, aprobará a execución da incautación.

3. Se a garantía incautada se constituíu ao dispor dun órgano da Administración xeral do Estado, a Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional ou a delegación de Economía e Facenda, segundo corresponda, procederá á aplicación do seu importe ao orzamento de ingresos do Estado, salvo que por disposición legal se dispoña outra cousa.

Nos demais casos, a Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional ou a delegación de Economía e Facenda realizará o pagamento do importe incautado á conta designada pola autoridade correspondente.

Artigo 22. Prescrición das garantías en efectivo e pendentes de pagamento.

1. Cancelada unha garantía constituída en efectivo e expedida a proposta de mandamento de pagamento para facer efectiva a restitución, comezará a computarse o prazo de prescrición establecido no artigo 25 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

2. Transcorrido o prazo de prescrición sen terse feito efectiva a restitución por causas non imputables á Administración, o órgano competente na Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional ditará resolución declarando a prescrición da obrigaón, logo de tramitación do oportuno expediente.

Artigo 23. *Abandono das garantías en efectivo.*

1. As garantías constituídas en efectivo que non se encontren vixentes quedarán suxeitas ao previsto no artigo 18 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, salvo nos casos en que sexa aplicable o previsto no artigo anterior sobre a prescrición da obrigaón económica.

2. Transcorrido o prazo de vinte anos a que se refire o artigo 18 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, o órgano competente na Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional ou nas delegacións de Economía e Facenda ditará resolución declarando o abandono do efectivo e a súa incorporación ao Tesouro público, logo de publicación no «Boletín Oficial del Estado». Naqueles supostos en que o importe das garantías en efectivo non exceda tres mil euros, os anuncios relativos ao abandono e a súa incorporación ao Tesouro público publicaranse na páxina web da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional, durante o prazo dun mes. Esta contía poderá ser actualizada mediante resolución da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional.

CAPÍTULO III

Garantías mediante aval

Artigo 24. *Características do aval.*

As garantías mediante aval deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) O aval debe ser solidario respecto ao obrigado principal, con renuncia expresa aos beneficios de excusión e división, e pagadoiro a primeiro requirimento da Caixa.
- b) O aval será de duración indefinida e permanecerá vixente até que a autoridade a cuxo dispor se constituía resolva expresamente declarar a extinción da obrigaón garantida e ordenar a cancelación do aval.

Artigo 25. *Requisitos das entidades avalistas.*

As entidades que garantan obrigaóns ante a Caixa mediante aval deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ser unha entidade de crédito, un establecemento financeiro de crédito ou unha sociedade de garantía recíproca debidamente autorizados para operar en España e inscritos nos rexistros correspondentes, e terse acreditado como entidade garante ante a Avogacía do Estado da Caixa, así como os seus apoderados.
- b) Non encontrarse suspendida ou revogada a autorización administrativa para o exercicio da súa actividade.
- c) Non encontrarse en situación de mora como consecuencia da falta de pagamento de obrigaóns derivadas da incautación de avais anteriores. Para este efecto, logo de audiencia ao interesado, poderase resolver non admitir avais provenientes de entidades avalistas que mantivesen non pagos os importes de avais xa executados, unha vez transcorrido o prazo de pagamento outorgado á entidade avalista no primeiro requirimento de pagamento.
- d) Non estar en situación de concurso de acredores.
- e) Non superar o límite de importes avalados que, co obxecto de evitar a concentración de garantías, se estableza, se for o caso, mediante orde da persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, en función das condicións económicas e de solvencia das entidades avalistas.

Artigo 26. Constitución de garantías mediante aval.

1. O garantido ou o garante presentarán o aval conforme o modelo establecido mediante orde da persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital ou mediante as canles electrónicas previstas pola Caixa.

2. Os avais deberán ser autorizados polos apoderados da entidade garante que teñan poder suficiente para obrígala plenamente, de acordo co disposto no artigo 7.

3. Unha vez feita a comprobación de que se cumpren os requisitos necesarios, a Caixa emitirá ou validará, segundo proceda, o resgardo correspondente para os efectos do disposto no artigo 12. O resgardo axustarase ao modelo previsto mediante orde da persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital ou ao que se estableza nas canles electrónicas previstas pola Caixa.

Artigo 27. Cancelación e devolución de garantías mediante aval.

1. A cancelación da garantía efectuarase de conformidade co disposto no artigo 15.

2. A autoridade a cuxo dispor se constituíu a garantía remitirá a orde de cancelación do aval á Caixa para efectos de que esta a execute e proceda, se for o caso, a devolver o documento ao obrigado a prestar garantía ou á entidade avalista, por solicitude de calquera deles.

Artigo 28. Incautación de garantías mediante aval.

1. A incautación da garantía por parte da Caixa farase a petición da autoridade a cuxo dispor se constituíu, quen deberá acreditar que se cumpre o disposto no artigo 16.

2. O órgano competente da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional ou da delegación de Economía e Facenda nas sucursais aprobará a execución da incautación.

3. A Caixa requirirá á entidade garante o pagamento da cantidade solicitada pola autoridade que acordou a incautación. No requirimento de pagamento indicarse:

- a) A forma en que se debe realizar o ingreso; e
- b) O prazo para realizalo, de conformidade co Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo.

4. A Caixa procederá de conformidade co disposto no artigo 21 co efectivo resultante do pagamento.

5. A falta de pagamento pola entidade garante da cantidade garantida dentro dos prazos previstos no Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, determinará o cobramentoo mediante o procedemento de constrinximento contra esa entidade.

6. Cando se incaute a garantía, a Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional ou as delegacións de Economía e Facenda, segundo proceda, actuarán de acordo co disposto no artigo 21.3.

CAPÍTULO IV

Garantías mediante seguro de caución*Artigo 29. Características do contrato de seguro de caución.*

As garantías mediante contrato de seguro de caución deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) A persoa ou entidade obrigada a prestar garantía terá a condición de tomador do seguro e a autoridade a cuxo dispor se constituíu a garantía terá a condición de asegurado.
- b) Farase constar de forma expresa:

1.º Que a aseguradora non poderá opor á autoridade a falta de pagamento da prima por parte do tomador do seguro ou calquera outra excepción derivada da súa relación xurídica con este.

2.º Que a falta de pagamento da prima non dará dereito á aseguradora a resolver o contrato de seguro.

3.º Que o contrato de seguro non quedará extinguido, nin a cobertura da aseguradora suspendida, nin a aseguradora liberada da súa obrigaón no caso de que se produza o evento cuxo risco é obxecto de cobertura.

4.º Que a entidade aseguradora asumirá o compromiso de indemnizar o asegurado ao primeiro requirimento da Caixa.

c) A duración do contrato de seguro coincidirá, ao menos, coa da obrigaón garantida e non poderá ser superior a dez anos, de acordo co previsto na Lei 50/1980, do 8 de outubro, do contrato de seguro. Se a duración da obrigaón garantida supera os dez anos, o obrigado a prestar garantía deberá prestar nova garantía antes de que finalice a anterior, salvo que acredite debidamente a prórroga do contrato de seguro.

Artigo 30. *Requisitos das entidades aseguradoras.*

As entidades que garantan ante a Caixa obrigaóns mediante seguro de caución deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Ser unha entidade de seguros debidamente autorizada para emitir seguros de caución en España e inscrita nos rexistros correspondentes, e terse acreditado como entidade garante ante a Avogacía do Estado da Caixa, así como os seus apoderados.

b) Non encontrarse suspendida ou revogada a autorización administrativa para o exercicio da súa actividade.

c) Non encontrarse en situación de mora como consecuencia da falta de pagamento de obrigaóns derivadas da incautación de seguros anteriores. Para este efecto, logo de audiencia ao interesado, poderase resolver a inadmisión de seguros provenientes de entidades aseguradoras que mantivesen non pagos os importes de seguros xa executados, unha vez transcorrido o prazo de pagamento outorgado á entidade aseguradora no primeiro requirimento de pagamento.

d) Non estar en situación de concurso de acredores.

e) Non superar o límite dos importes asegurados que, co obxecto de evitar a concentración de garantías, se estableza, se for o caso, mediante orde da persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, en función das condicións económicas e de solvencia das entidades aseguradoras.

Artigo 31. *Constitución de garantías mediante seguro de caución.*

1. O garantido ou a entidade garante presentarán o seguro conforme o modelo establecido mediante orde da persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital ou mediante as canles económicas previstas pola Caixa.

2. Os seguros deberán ser autorizados por apoderados da entidade garante que teñan poder suficiente para obrígalas plenamente, de acordo co disposto no artigo 7.

3. Unha vez feita a comprobación de que se cumpren os requisitos necesarios, a Caixa emitirá ou validará, segundo proceda, o comprobante correspondente para os efectos do disposto no artigo 12. O resguardo axustarase ao modelo previsto mediante orde da persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital ou ao que se estableza nas canles económicas previstas pola Caixa.

Artigo 32. *Cancelación e devolución de garantías mediante seguro de caución.*

1. A cancelación da garantía efectuarase de conformidade co disposto no artigo 15.

2. A autoridade a cuxo dispor se constituíu a garantía remitirá a orde de cancelación do seguro á Caixa, para efectos de que esta a execute e proceda, se for o caso, a devolver

o documento ao obrigado a prestar garantía ou á entidade aseguradora, por solicitude de calquera deles.

Artigo 33. *Incautación de garantías mediante seguro de caución.*

1. A incautación da garantía por parte da Caixa farase a petición da autoridade a cuxo dispor se constituíu, quen deberá acreditar que se cumpre o disposto no artigo 16.

2. O órgano competente da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional ou da delegación de Economía e Facenda nas sucursais aprobará a execución da incautación.

3. A Caixa requirirá á entidade garante o pagamento da cantidade solicitada pola autoridade que acordou a incautación. No requirimento de pagamento indicárase:

- a) A forma en que se realizará o ingreso; e
- b) O prazo para realizalo, de conformidade co Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo.

4. A Caixa procederá de conformidade co disposto no artigo 21 co efectivo resultante do pagamento.

5. A falta de pagamento pola entidade garante da cantidade garantida dentro dos prazos previstos no Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, determinará o cobramento mediante o procedemento de constrinximento contra esa entidade.

6. A solicitude de incautación deberá presentarse dentro do prazo previsto no artigo 23 da Lei 50/1980, do 8 de outubro, do contrato de seguro.

7. Cando se incaute a garantía, a Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional ou as delegacións de Economía e Facenda, segundo proceda, actuarán de acordo co disposto no artigo 21.3.

CAPÍTULO V

Garantías mediante valores de débeda pública

Artigo 34. *Características das garantías mediante valores de débeda pública.*

1. As garantías mediante valores de débeda pública deben cumprir cos seguintes requisitos:

- a) Ser valores de débeda do Estado.
- b) Os valores deberán estar representados en anotacións en conta.
- c) Os valores afectos á garantía deberán estar libres de toda carga ou gravame no momento de constituírse a garantía e non poderán quedar gravados por ningún outro acto ou negocio xurídico que prexudique a garantía durante a vixencia desta.
- d) O prazo da amortización dos valores deberá ser de doce meses como mínimo.

2. A inmovilización rexistral dos valores realizarase de acordo coa normativa reguladora dos mercados en que se negocien, e a garantía debe inscribirse no rexistro contable en que figuren anotados eses valores, conforme o disposto na normativa reguladora dos mercados de valores.

3. Na data da inmovilización, os valores obxecto de garantía deberán:

- a) Ter un valor nominal igual ou superior á garantía exixida; e
- b) Ter un valor de realización igual ou superior ao 105 por 100 do valor da garantía exixida.

4. Os rendementos explícitos xerados polos valores de débeda pública non quedarán afectos á garantía constituída.

Artigo 35. Constitución de garantías mediante valores de débeda pública.

1. A constitución dunha garantía mediante valores de débeda pública realizarase mediante a presentación do certificado de lexitimación orixinal que acredite a inmovilización e a inscrición da garantía sobre os valores achegados como garantía nos termos previstos no artigo seguinte.

2. O certificado de lexitimación presentárase na Caixa dentro do prazo máximo dun mes desde que se emitiu. Transcorrido este prazo, deberá solicitarse un novo certificado.

3. Unha vez feita a comprobación de que se cumpren os requisitos necesarios, a Caixa emitirá ou validará, segundo proceda, o comprobante correspondente para os efectos do disposto no artigo 12. O comprobante axustarase ao modelo previsto mediante orde da persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital ou ao que se estableza nas canles económicas previstas pola Caixa.

Artigo 36. Contido dos certificados de lexitimación.

1. Os certificados de lexitimación a que se refire o artigo anterior, relativos á inmovilización e inscrición de valores achegados como garantías que deban constituírse ante a Caixa, deberán recoller os datos previstos no artigo 20 do Real decreto 878/2015, do 2 de outubro, sobre compensación, liquidación e rexistro de valores negociables representados mediante anotacións en conta, sobre o réxime xurídico dos depositarios centrais de valores e das entidades de contrapartida central e sobre requisitos de transparencia dos emisores de valores admitidos a negociación nun mercado secundario oficial.

2. Os certificados de lexitimación deberán, así mesmo, recoller os seguintes datos:

a) Confirmación de que os valores inmovilizados e afectos á garantía están libres de toda carga ou gravame no momento da constitución da garantía.

b) No caso de que o garantido non substituíse a garantía por outra das recollidas no artigo 12 con carácter previo á amortización dos valores, transformárase nunha garantía en efectivo e procederase ao ingreso dese efectivo na conta correspondente do Tesouro.

c) A obrigaición da entidade que expide o certificado de lexitimación de non reembolsar o saldo resultante do alleamento ou amortización dos valores inmovilizados e inscritos ao garantido mentres a garantía deba estar vixente e a Caixa non llo indique.

d) A obrigaición da entidade que expide o certificado de lexitimación de ingresar no Tesouro público, a requirimento da Caixa, o saldo resultante do alleamento dos valores inmovilizados e inscritos, devolvendo, se for o caso, ao garantido o exceso sobre o importe da garantía.

3. O prazo de vixencia dos certificados non poderá ser inferior á data de amortización dos valores inmovilizados.

4. O certificado de lexitimación axustarase ao modelo establecido mediante orde da persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital ou ao que se estableza mediante as canles económicas previstas pola Caixa.

Artigo 37. Cancelación e devolución de garantías mediante valores de débeda pública.

1. A cancelación da garantía efectuarase de conformidade co disposto no artigo 15.

2. A autoridade a cuxo dispor se constituíu a garantía remitirá a orde de cancelación da garantía constituída en valores á Caixa, para efectos de que esta a execute e proceda, se for o caso, á devolución do certificado de lexitimación ao interesado.

3. No suposto de que proceda unha cancelación parcial da garantía, a Caixa, por instancia da autoridade, requirirá a entidade para que devolva ao garantido os valores necesarios para obter o importe da contía cancelada. Para estes efectos, os valores valoráranse ao maior do valor nominal ou do prezo de mercado formulado ex cupón, é dicir, deducido, se for o caso, do importe do cupón corrido devindicado. O certificado de lexitimación orixinariamente emitido será devolto unha vez que se teña recibido un novo

certificado de lexitimación polo importe dos valores remanentes como garantía ante a Caixa.

Artigo 38. *Incautación de garantías mediante valores de débeda pública.*

1. A incautación da garantía por parte da Caixa farase a petición da autoridade a cuxo dispor se constituíu, quen deberá acreditar que se cumpre o disposto no artigo 16.

2. O órgano competente da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional ou da delegación de Economía e Facenda aprobará a execución da incautación.

3. A Caixa requirirá ao titular dos valores e ao garantido, no suposto de tratarse de persoas diferentes, o pagamento da cantidade solicitada pola autoridade. No requirimento de pagamento indicárase:

- a) A forma en que se realizará o ingreso; e
- b) O prazo para realizalo, de conformidade co Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo.

Se o titular dos valores procede ao pagamento, a Caixa comunicará ao garantido no suposto de tratarse de persoas diferentes, e viceversa.

4. Terminado o prazo de ingreso sen que este se efectuase, a Caixa solicitará á entidade que emitiu o certificado de lexitimación que realice ou inste o alleamento de todos os valores e o ingreso do efectivo obtido no Tesouro no prazo máximo dun mes. O importe obtido aplicarase á incautación solicitada pola autoridade e á devolución do exceso que, se for o caso, puiden existir.

No suposto de que proceda unha incautación parcial da garantía, a Caixa, por instancia da autoridade, requirirá a entidade que emitiu o certificado de lexitimación que realice ou inste o alleamento dos valores necesarios para obter o importe da contía incautada e o ingreso do efectivo obtido no Tesouro no prazo máximo dun mes. O certificado de lexitimación orixinariamente emitido será substituído por un novo certificado de lexitimación polo importe dos valores remanentes como garantía ante a Caixa.

5. A falta de pagamento da entidade depositaria dos valores da cantidade obtida pola venda dos valores no prazo previsto no número anterior determinará o cobramento mediante o procedemento de constrinximento contra esa entidade.

6. A Caixa procederá de conformidade co disposto no artigo 21 co efectivo resultante do pagamento, sen prexuízo das especialidades recollidas neste artigo relativas á devolución do exceso que se poida producir como consecuencia do alleamento dos valores.

7. O órgano competente da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional poderá declarar a confusión de dereitos e a extinción dos valores, circunstancia que notificará ao organismo reitor do mercado.

8. Se, realizado o alleamento total dos valores, non se obtén a contía garantida, requirirase o interesado para que proceda ao pagamento da contía restante cando así corresponda de acordo coa normativa aplicable a esa garantía. En caso de falta de pagamento, será de aplicación o disposto no artigo 16.5.

Se, realizado un alleamento parcial dos valores, os valores restantes non cobren o importe da garantía pendente, o interesado deberá achegar novos valores até cumprir o disposto no artigo 34.3.

9. Cando se incaute a garantía, a Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional ou as delegacións de Economía e Facenda, segundo proceda, actuarán de acordo co disposto no artigo 21.3.

TÍTULO III

Depósitos

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 39. *Normativa aplicable.*

A Caixa actuará, nos supostos recollidos neste título, de conformidade coas normas especiais que sexan aplicables á constitución dos depósitos e coas disposicións deste regulamento.

Artigo 40. *Modalidades e réxime xurídico dos depósitos.*

1. Poderán constituírse ante a Caixa as seguintes modalidades de depósitos:

- a) Depósitos constituídos polas autoridades previstas no artigo 2.a) ou por notarios ao dispor de particulares.
- b) Depósitos constituídos polas autoridades previstas no artigo 2.a) ao dispor de si mesmas ou de organismos ou entes vinculados a estas.
- c) Depósitos constituídos por particulares ao dispor doutros particulares.
- d) Depósitos constituídos por particulares ao dispor das autoridades previstas no artigo 2.a).

2. Os depósitos previstos nas letras a), b) e d) do número anterior poderanse constituír ante a Caixa cando unha norma con rango de lei, unha disposición regulamentaria, un acto administrativo ou unha sentenza xudicial así o establezan. Os depósitos previstos na alínea c) do número anterior poderanse constituír ante a Caixa cando unha norma con rango de lei ou un real decreto así o establezan.

3. Non se constituirán ante a Caixa os depósitos que deban constituírse nas contas de depósitos e consignacións xudiciais.

4. Os depósitos non producirán xuros nin os resgardos representativos da súa constitución serán transmisibles a terceiros.

CAPÍTULO II

Actuacións da Caixa

Artigo 41. *Constitución.*

1. A constitución dun depósito requirirá a realización do ingreso do seu importe nos termos que se establecen na Orde PRE/1064/2016, do 29 de xuño.

2. O interesado solicitará á Caixa a expedición do documento de ingreso correspondente, que conterà, entre outra información, o número de comprobante asociado. Para tales efectos, o interesado achegará á Caixa a documentación que esta requira. En particular:

- a) Os datos identificativos da persoa que o constituíe, incluíndo o seu número de identificación fiscal.
- b) Se for o caso, os datos identificativos do beneficiario, incluíndo o seu número de identificación fiscal ou outros datos que permitan a súa identificación.
- c) Se for o caso, a autoridade a cuxo dispor se constituíe o depósito até a súa entrega ao beneficiario e o seu número de identificación fiscal.
- d) A contía do depósito e período de vixencia deste, que será indefinido salvo que expresamente se sinale o contrario.
- e) A finalidade do depósito.

f) O precepto, acto administrativo ou resolución xudicial que ampara ou impón a constitución do depósito.

3. A autoridade a cuxo dispor, se for o caso, se constituía o depósito deberá facilitar ao constituínte todos os datos que figuran nas alíneas b), c), d), e) e f) anteriores.

4. O interesado ingresará o importe do depósito nunha entidade colaboradora mediante o documento de ingreso previamente expedido pola Caixa. Unha vez realizado o ingreso, a entidade de crédito emitirá ou validará, segundo proceda, o xustificante de pagamento para os efectos de determinar o momento da constitución.

Artigo 42. *Pagamento e devolución da contía depositada.*

1. A devolución dos depósitos rexerese polas normas establecidas para a devolución das garantías en efectivo no que resulte aplicable.

2. Cancelado o depósito, a Caixa, logo de consulta, se for o caso, á Avogacía do Estado, verificará a identidade das persoas a cuxo dispor se constituíu o depósito e efectuará o pagamento da contía depositada a estas ou aos seus herdeiros ou sucesores lexítimos nos termos e condicións que determine o particular ou a autoridade que o constituíu, dentro da normativa en cuxa virtude se constituíu.

3. A devolución efectuarase conforme o disposto na Orde PRE/1576/2002, do 19 de xuño, pola que se regula o procedemento para o pagamento de obrigacións da Administración xeral do Estado.

Artigo 43. *Prescrición dos depósitos cancelados pendentes de pagamento.*

1. Cancelado un depósito e ordenado o pagamento dun depósito, será de aplicación o disposto no artigo 25 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

2. Transcorrido o prazo de prescrición, o órgano competente na Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional ditará resolución declarando a prescrición da obrigación, logo de tramitación do oportuno expediente.

Artigo 44. *Abandono dos depósitos.*

1. Os depósitos constituídos ante a Caixa ao abeiro deste regulamento e non vixentes quedarán suxeitos ao previsto no artigo 18 da Lei 33/2003, do 3 de novembro.

2. Con carácter xeral, e sen prexuízo do establecido por outras normas con rango de lei, transcorrido o prazo de vinte anos previsto no artigo 18 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, o órgano competente da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional ou das delegacións de Economía e Facenda, segundo proceda, ditará resolución declarando o abandono do depósito e a súa incorporación ao Tesouro público, logo de publicación no «Boletín Oficial del Estado».

3. Os anuncios relativos ao abandono e a súa incorporación ao Tesouro público de depósitos cuxa contía non exceda tres mil euros publicaranse na páxina web da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional, durante o prazo dun mes. A dita contía poderá ser actualizada mediante resolución da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional.

Artigo 45. *Ordes xudiciais e administrativas de embargo de depósitos.*

A Caixa executará as ordes xudiciais e administrativas de embargo de depósitos constituídos ante a Caixa. Previamente á execución, a Caixa comunicará ás autoridades a cuxo favor se constituíu o depósito ou á autoridade constituínte do depósito, para que formulen alegacións no prazo máximo de quince días. A Caixa remitirá as alegacións ao órgano xudicial ou administrativo que emitiu a orde para os efectos que procedan, sen prexuízo de que a propia autoridade poida efectuar directamente a remisión das súas alegacións ao órgano xudicial ou administrativo pódoo en coñecemento da Caixa.